

**TEMPO DE ADVENTO**



# DOMINGO I DE ADVENTO

1.-

## PRIMEIRA LECTURA

**O Señor congrega a tódalas nacións na paz eterna do seu Reino**

Lectura do libro do profeta Isaías 2, 1-5

Palabras que en visión profética recibiu Isaías, fillo de Amós, acerca de Xudá e Xerusalén:

Ó final dos tempos  
o monte da casa do Señor estará firme,  
asentado no cume dos montes,  
ergueito sobre as montañas.

Acudirán alí tódalas nacións,  
poñeranse en camiño pobos numerosos.

Dirán:

«Vinde, subamos ó monte do Señor,  
á casa do Deus de Xacob.

El hanos aprende-los seus camiños,  
e marcharemos polos seus vieiros;  
porque a lei ha saír de Sión,  
de Xerusalén, a palabra do Señor.»

Será o árbitro das nacións,  
o xuíz de pobos numerosos.

Das espadas forxarán arados,  
e das lanzas, podadeiras.

Non erguerá a espada nación contra nación,  
non se adestrarán para a guerra.

¡Casa de Xacob, ven; vaíamos  
e camiñemos á luz do Señor!

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 121, 1-2. 4-5. 6-7. 8-9 (R.: cf. 1)

R.: Imos alegres para a casa do Señor.

Moito me alegrei cando me dixeron:

«Imos ir á casa do Señor.»

Xa están os nosos pés

ás túas portas, Xerusalén. R.

Alá soben as tribos, as tribos do Señor,

conforme o costume de Israel,

a festexa-lo nome do Señor.

Alí están os tribunais de xustiza,

os tribunais da casa de David. R.

Desexádelle paz a Xerusalén:

«Vivan seguros os que te aman.

Haxa paz dentro dos teus muros,

seguranza dentro dos teus pazos.» R.

Por mor de meus irmáns e compañeiros,

direi: «A paz contigo.»

Por mor da casa do Señor, o noso Deus,

desexo para ti todo ben. R.

## SEGUNDA LECTURA

### A nosa salvación está xa máis cerca

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Romanos 13, 11-14a

Irmáns:

Sabedores do tempo de salvación no que estamos, xa é hora de que espertedes do sono, pois agora a salvación xa está máis cerca de nós que cando empezamos a crer. A noite vai andada, e o día está a chegar: rexeitémo-las obras das tebras e vistámo-las armas da luz.

Como en pleno día, camiñemos decentemente, nada de lupandas nin borracheiras, nada de obscenidades nin libertinaxe, nada de liortas nin envexas.

En lugar diso vestídevos do Señor Xesús Cristo.

Palabra do Señor.

Aleluia Sal 84, 8

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Amósanos, Señor, a túa misericordia,  
e dáno-la túa salvación.

Aleluia.

## EVANXEO

### Vixiade para estardes preparados

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 24, 37-44

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus discípulos:

—«Coma nos tempos de Noé, así pasará cando veña o Fillo do Home. Antes do diluvio comían, bebían e casaban ata o día que Noé entrou na arca; e de nada se decataron ata que veu o diluvio, e os enguliu a todos. O mesmo pasará cando veña o Fillo do Home. Entón estarán dous homes no agro; levarán a un e deixarán ó outro. Estarán dúas mulleres moendo no muíño, levarán a unha e deixarán á outra.

Vixiade, porque non sabedes nada do día no que virá o voso Señor. Entendédeo ben: se soubese o dono da casa a que hora vai chega-lo ladrón, estaría á espreita e non permitiría que lle asaltasen a casa. Así tamén: estade vós preparados, porque na hora menos pensada preséntase o Fillo do Home.»

Palabra do Señor.

# DOMINGO II DE ADVENTO

4.-

## PRIMEIRA LECTURA

### Xulgará os pobres con xustiza

Lectura do libro do profeta Isaías 11, 1-10

Naqueles días, abrollará un xermolo no tronco Iexé  
e un gromo brotará da súa raíz.

Descansará sobre el o Espírito do Señor,  
espírito de sabedoría e discernimento,  
espírito de consello e fortaleza,  
espírito de ciencia e de temor do Señor.

Sentirá a súa compracencia no temor do Señor.

Non xulgará conforme a aparencia dos seus ollos,  
nin sentenciará conforme as murmuracións dos seus oídos.

Xulgará o pobre conforme á xustiza,  
e sentenciará con rectitude ós oprimidos da nación.

Castigará ó violento coa vara da súa boca,  
e co espírito dos seus labios matará o malvado.

Será a xustiza o cinguideiro da súa cintura  
e a fidelidade o cinguideiro do seu lombo.

O lobo habitará co carneiro  
e o leopardo deitarase co cabrito;  
o becerro e o leonciño pacerán xuntos:  
un meniño pequeno sacaraos ó pasto.

A vaca e a osa pacerán xuntas, xuntas deitaranse as súas crías;  
o león, o mesmo có boi, comerá palla.

Un meniño de leite xogará no tobo da cobra,  
e un neno destetado collerá a víbora coa súa man.

Ningún será malvado nin fará o mal en todo o meu monte santo:  
o país estará cheo de coñecemento do Señor,  
o mesmo que as augas enchen o mar.

Sucedará o día aquel que a raíz de Iexé  
 estará ergueita de bandeira das nacións,  
 os pobos procurarana,  
 e a gloria será o seu lugar de descanso.

Palabra do Señor.

**Salmo responsorial** Sal 71, 1-2. 7-8. 12-13. 17 (R.: cf. 7)

**R.:** Florecerá a xustiza nos seus días,  
 e abundancia de paz para sempre.

Outórgalle, Deus, o teu xuízo ó rei;  
 ó fillo de reis, a túa xusticia.  
 Que rexa ó teu pobo con xustiza,  
 e os teus pobres con equidade. **R.**

Florecerá a xustiza nos seus días,  
 unha prosperidade duradeira como a lúa.  
 Dominará de mar a mar,  
 desde o gran río ata o cabo da terra. **R.**

El librará o pobre que suplica,  
 o aflixido que está sen axuda.  
 Terá piedade do feble e do indixente,  
 e salvará a vida dos pobres. **R.**

Que o seu nome dure por sempre  
 e a súa sona igual có sol.  
 Que sexan benditos nel tódolos pobos  
 e que o proclamen ditoso. **R.**

## SEGUNDA LECTURA

**Cristo salva a tódolos homes**

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Romanos 15, 4-9

Irmáns:

Todo canto antigamente se escribiu, escribiuse para a nosa instrucción: para que, entre a nosa paciencia e o consolo que dan as Escrituras, manteñámo-la esperanza.

Que o Deus da paciencia e do consolo vos faga ter un mesmo sentir entre vós, conforme o exemplo de Cristo Xesús, para que, cun só corazón e unha soa boca, loedes a Deus, Pai do noso Señor Xesús Cristo.

Por iso, acollédevos uns a outros —como Cristo vos acolleu—, para gloria de Deus. Pois dígovos que Cristo se fixo servidor dos xudeus en razón da fidelidade de Deus, para ratifica-las promesas feitas ós patriarcas; e tamén para que os pagáns, pola súa parte, glorifiquen a Deus en razón da súa misericordia. Tal como está escrito:

«Por iso loareite entre os xentís  
e cantarei himnos ó teu nome.»

Palabra do Señor.

**Aleluia Lc 3, 4. 6**

*Se non se canta, pódese omitir.*

Aleluia, aleluia.

Preparade os camiños do Señor  
endereidade os seus carreiros;  
todos verán a salvación de Deus.  
Aleluia.

## EVANXEO

**Facede penitencia: xa chega o Reino dos Ceos**

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo **3, 1-12**

Naqueles días apareceu Xoán Bautista no deserto, proclamando:  
—«Convertédevos, que xa chega o Reino dos Ceos.»  
El era de quen dixera o profeta Isaías:

«Unha voz clama no deserto:  
“Preparade o camiño do Señor,  
endereidade os seus vieiros.”»

Xoán ía vestido con pelos de camelo e cun cinguideiro de coiro no van, e mantíñase de saltóns e mel bravo. Ía onda el xente de



Xerusalén, de toda Xudea e mais da banda do Xordán. Confesaban os seus pecados e el bautizábaos no Xordán.

Como se decatara de que moitos fariseos e saduceos viñan a que os bautizase, díxolles:

—«¡Raza de víboras! ¿Quen vos ensinou a fuxir do castigo que está a chegar? Dade froitos dignos dunha verdadeira conversión, e non vos fagades ilusións dicindo entre vós: “Somos fillos de Abrahán”, porque vos aseguro que Deus pode sacar fillos de Abrahán mesmo destas pedras. Xa está a machada posta contra a raíz das árbores, e toda árbore que non dea froito hase cortar e botar ó lume.

Eu bautízovos con auga para que vos convertades. Pero o que vén detrás miña é máis forte ca min, e nin tan sequera son digno de lle leva-las sandalias. El havos bautizar co Espírito Santo e con lume. Porque trae a forcada na man, para limpa-la súa eira e na hucha recolle-lo trigo; e ha queima-la palla nun lume que nunca se apaga.»

Palabra do Señor.

# DOMINGO III DE ADVENTO

7.-

## PRIMEIRA LECTURA

### Virá o mesmo Deus e salvaravos

Lectura do libro do profeta Isaías 35, 1-6a. 10

¡Que se alegren o deserto e maila terra reseca,  
que brinque de ledicia a estepa e que floreza!

¡Que, coma a lis, floreza abundantemente,  
que brinque en exultante danza!

Concedéuselle a gloria do Líbano,  
o esplendor do Carmelo e do Xarón.

Eles mesmos verán a gloria do Señor,  
o esplendor do noso Deus.

Fortalecede as mans adormecidas,  
e ponde firmes os xeonllos que tremen.

Dicídelles ós de corazón tímido:

«Collede ánimo, non temades.

Velaí o voso Deus.

Chega a vinganza, a recompensa de Deus.

Chega El mesmo, e salvaravos.»

Entón abriranse os ollos dos cegos,  
e os oídos dos xordos destaparanse.

Entón o coxo saltará coma un corzo  
e a lingua do mudo cantará xubilosa.

E os rescatados do Señor volverán por ela,  
entrarán en Sión con xúbilo,

felicidade eterna sobre as súas cabezas.

Conseguirán ledicia e felicidade,  
pois o sufrimento e o pranto fuxirán.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 145, 7. 8-9a. 9bc-10 (R.: cf. Is 35, 4)

R.: Ven, Señor, a salvarnos.

Ou:

Aleluia.

O Señor failles xustiza ós oprimidos  
e dálles pan ós famentos.

O Señor libra os cativos. R.

O Señor abre os ollos dos cegos,  
o Señor endereita os dobrados,  
o Señor ama os xustos.

O Señor protexe os forasteiros. R.

O Señor sostén os orfos e as viúvas,  
extravía os camiños dos malvados.

O Señor reina eternamente,  
o teu Deus, Sión, por xeracións e xeracións. R.

## SEGUNDA LECTURA

**Afincade os vosos corazóns, porque está xa cerca a chegada do Señor**

Lectura da carta de Santiago 5, 7-10

Tede paciencia, irmáns, deica a volta do Señor. Reparade en como o labrego, coa esperanza posta nos preciosos froitos da terra, agarda con paciencia as augas temperás e as serodias. Tede tamén vós paciencia e collede folgos, porque o Señor axiña chegará.

Non vos queixedes, irmáns, uns dos outros, para que non vos sentencien; mirade que o xuíz está xa á porta. No sufrimento e na paciencia, irmáns, seguid o exemplo dos profetas que faloron no nome do Señor.

Palabra do Señor.

Aleluia Is 61, 1 (cit. en Lc 4, 18)

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

O Espírito do Señor está sobre min:  
mandoume anuncia-la boa nova ós pobres.  
Aleluia.

## EVANXEO

**¿Es ti o que ha de vir, ou agardamos a outro?**

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 11, 2-11

Naquel tempo, Xoán, oíndo falar na cadea das obras de Cristo, mandou os seus discípulos a lle preguntar:

—«¿Es ti o que ten que vir ou esperamos a outro?»

Respondeulles Xesús:

—«Ide e contádelle a Xoán  
o que estades oíndo e vendo:  
os cegos ven e os coxos andan,  
os leprosos fican limpos e os xordos oen,  
os mortos resucitan  
e ós pobres estáselles anunciando a Boa Nova.  
¡E ditoso quen non se escandalice de min!»

Non ben se foron eles, comezou Xesús a falar de Xoán á xente:

—«¿Que fostes ver ó deserto?: ¿unha cana abaneada polo vento?  
Pois logo, ¿que fostes ver?: ¿un home vestido con roupas finas? Pero  
os que visten roupas finas están nos pazos dos reis. Pois logo, ¿a  
que saístes?: ¿a ver un profeta? Si, e abofé que moito máis ca un  
profeta. Este é de quen está escrito:

“Olla, mando o meu mensaxeiro diante de ti,  
para que prepare o teu camiño.”

Tede por seguro que non naceu de muller ninguén meirande ca  
Xoán Batista, aínda que o máis pequeno no Reino dos Ceos é  
meirande ca el.»

Palabra do Señor.

# DOMINGO IV DE ADVENTO

10.-

## PRIMEIRA LECTURA

*Velaí que dá a luz*

Lectura do libro do profeta Isaías 7, 10-14

Naqueles días, o Señor volveulle falar a Acaz nestes termos:

—«Pide para ti un sinal de parte do Señor, o teu Deus, nas profundidades do Xeol ou arriba nas alturas.»

Respondeu Acaz:

—«Non o pido, pois non quero poñer a proba o Señor.»

Entón dixo Isaías:

—«Escoitade vós, casa de David: ¿Évos pouco domina-los homes, que aínda queredes domina-lo meu Deus? Por isto, o meu Señor daravos El mesmo un sinal:

Velaí que a virxe está en cinta e dá a luz un fillo,  
ó que lle pon de nome Emmanuel  
(que significa “Deus connosco”).»

Palabra do Señor.

*Salmo responsorial Sal 23, 1-2. 3-4ab. 5-6 (R.: 7c e 10b)*

**R.** Entrará o Señor: El é o rei da gloria.

Do Señor é a terra e canto a enche,  
o orbe e canto nel habita.

El é quen a fundou sobre os mares,  
e quen a asegurou sobre as correntes. **R.**

¿Quen poderá subir ó monte do Señor?

¿Quen poderá quedar no seu santuario?

O que ten inocentes as mans e puro o corazón. **R.**

Ese recibirá bendición do Señor,  
e xustiza de Deus, o seu salvador.  
Así é a liñaxe dos que o buscan,  
dos que buscan a presenza do Deus de Xacob. R.

## SEGUNDA LECTURA

### Xesús Cristo, descendente de David, Fillo de Deus

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Romanos 1, 1-7

Paulo, escravo de Cristo Xesús, chamado a ser apóstolo, escollido para o Evanxeo de Deus, que El prometera antes por medio dos seus profetas nas Escrituras Santas, e que trata do seu Fillo Xesús Cristo o noso Señor, que como home naceu da semente de David, pero que polo Espírito santificador foi constituído Fillo de Deus con pleno poder ó ser resucitado dos mortos, por quen recibímo-lo don de ser apóstolos, para promovermos entre tódolos pobos xentís a obediencia da fe, en honor do seu nome, entre os que tamén estades vós, chamados por Xesús Cristo.

A tódolos predilectos de Deus, que estades en Roma, chamados a ser santos, deséxovos gracia e paz de parte de Deus, noso Pai, e do Señor Xesús Cristo.

Palabra do Señor.

**Aleluia Mt 1, 23**

*Se non se canta, pódese omitir.*

Aleluia, aleluia.

Velaí que a virxe concibirá e dará a luz un fillo;  
e chamaranlle Emmanuel, «Deus-connosco».

Aleluia.

## EVANXEO

### Xesús nacerá de María, desposada con Xosé, fillo de David

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 1, 18-24

O nacemento de Xesús Cristo foi así: María, a súa nai, estaba prometida a Xosé; e antes de viviren xuntos apareceu ela embarazada por obra do Espírito Santo.

Xosé, o seu prometido, home xusto, non a querendo aldraxar, decidiu repudiala secretamente. Tal era a súa resolución, cando o anxo do Señor se lle apareceu en soños, dicíndolle:

—«Xosé, fillo de David, non repares en levar contigo a María, a túa prometida; que o que nela se concibiu é obra do Espírito Santo. Dará a luz un fillo, e ti poñeraslle de nome Xesús, porque salvará o seu pobo de tódolos seus pecados.»

Todo isto aconteceu para que se cumprise o que dixera o Señor por boca do profeta:

«Mirade: a virxe concibirá e dará a luz un fillo,  
e poñeranlle de nome Emmanuel  
(que quere dicir “Deus conosco”).»

Acordou Xosé do seu soño, e fixo tal como lle mandara o anxo do Señor, levando consigo á súa prometida.

Palabra do Señor.